

ORDENANZA Nº 49, REGULADORA DA TAXA POLAS CLASES DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA.

Artigo 1º. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co 41 b) ambos da Lei 39/88, reguladora da Facendas Locais, establécese a taxa por asistencia as clases de danza impartidas na Escola Municipal de Danza.

Artigo 2º. Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago da taxa quen se beneficie dos servizos prestados pola Escola Municipal de Danza.

Artigo 3º. Contía

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

Dereitos de matrícula.

Alumnos empadroados no Concello de Mondoñedo 5.000 ptas. (30,06 €)

Alumnos de fora do Concello 10 000 ptas. (60,11 €)

Artigo 4º. Obrigación de pago

A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se produce a inscrición do alumno no correspondente curso e o seu cobro realizárase no momento de formalizar a matrícula.

Disposición adicional.

En todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación o disposto na Lei 39/88 e demais disposicións aplicables en materia de Réxime Local.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir da mesma, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

ANEXO I

1.- O horario de funcionamento da Escola de Danza será tódolos sábados, dende as 11 ata as 15 horas, podendo ser variado en caso necesario.

2.- O acceso ao local onde se impartirán as clases será soamente para as persoas matriculadas na Escola e interesadas na danza.

3.- A tarefa de prezos para participar no aprendizaxe e nos cursos que se celebren será a anteriormente transcrita.

4.- Os alumnos presentarán o correspondente xustificante de pago no momento de inicio das clases e sempre que sexan requiridos para este fin. En caso de extravío da carta de pago, poderán solicitar un duplicado no Concello para acreditar este extremo en caso necesario.

5.- O número máximo de alumnos por cada clase será de 15, podendo establecerse distintos horarios si a demanda o esixira.

6.- O concello comprométese a poñer a disposición dos alumnos unha persoa profesional para impartir as clases.

7.- E obrigatorio cumprir as instrucións que no exercicio da súas funcións de o profesor.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada definitivamente unha vez publicada no BOP nº 45 do 23 de febreiro de 2002